

## PEZA DO MES

marzo

2008



**COLGANTE "SAPO"**



ADEREZO . ILUSTRACIÓN DO LIBRO *EL TRAJE GALLEGO* DE A. FRAGUAS

## COLGANTE "SAPO"

Prata sobredourada

Laminado, fiado e filigrana

8,4 x 4,3 cm; 10,3 gr

Obradoiro galego

Século XIX- Primeiro cuarto do século XX

Nº Inv. 4.810

Esta peza forma parte da xoiería tradicional dunha ampla zona do noroeste peninsular que abrangue non só Galicia, onde pola súa morfoloxía recibe o nome de sapo, senón tamén as provincias de Zamora, Salamanca e outras partes de Castela-León onde tal tipoloxía é máis coñecida pola denominación de *galápago*.

Trátase dun colgante de prata sobredourada, composto por tres corpos independentes, articulados entre si, que forman no seu conxunto unha especie de triángulo invertido. O corpo maior ou superior ten forma ultrasemicircular e está formado por fíos en espiral que trazan pétalos alongados, cun botón central convexo cinguido por un cordonciño trenzado, e sete rosetas de

seis pétalos no campo; o perfil exterior ten unha orla de rosiñas e contorno festonado. A súa aparencia recorda a cola dun pavón ou pavo real. Polo reverso leva unha lingüeta vertical para suspensión. O segundo corpo é trapezoidal, en forma de lazo calado a base de róleos conformados por recortes de lámina de prata, salferidos de rosetas e rosiñas, e cun casquete semiesférico no centro. O corpo inferior é triangular e repite a mesma ornamentación, distribuída de forma simétrica, como no resto da peza. Os remates dos extremos son tamén flores e os intercorpos que ensartan as tres partes son aneis verticais.

O modelo parece derivar da principal alfaia utilizada no século XVIII entre a nobreza española, os chamados "petos", unhas xoias de gran tamaño e valor, que as mulleres levaban no peito e que, ás veces, chegaban a cubrir dende o escote ata acadar, ou incluso sobrepasar, a cintura. Estaban compostas por un ou máis corpos, desmontables e combinables entre si, que formaban un triángulo invertido e levaban pasadores no dorso para suxeición. Aínda que en versión moito máis modesta, o *sapo* pode considerarse, así, unha xoia popular de orixe ou inspiración culta. Xa Vicente Risco facía unha apreciación neste sentido cando, na *Etnografía da Historia de Galicia*, dirixida por Otero Pedrayo, ao referirse ás xoias –arracadas e medias lúas para as orellas e broches para o peito chamados "sapos"– evoca lembranzas das nosas xoias prehistóricas e escribe: *Non se saben hasta que punto se poidan dar por populares, anque sexan tradicionais*.

O *sapo* –en ouro, prata na súa cor ou prata sobredourada– constituía un elemento esencial do ornato usado co traxe tradicional. Pero non era unha alfaia que se utilizara a cotío, é dicir, coas roupas de faena, senón que a lucían as mulleres co denominado traxe de garda ou de gala. Estas vestimentas, moito máis complicadas e ricas cás primeiras, tanto pola calidade dos tecidos como pola variedade das pezas e riqueza dos adobíos e complementos, púñase con ocasión de determinados actos de carácter festivo: datas especiais e cerimoniais, como os días de festa da parroquia, romarías, bautizos ou casamentos.

Outro aspecto a considerar é a forma de uso do colgante. O habitual era que formara parte dun sinxelo aderezo, en ocasións composto tan só polo xogo de pendentes e *sapo*, aínda que non era infrecuente que incluía tamén os demais tipos de alfaias. Podía levarse de xeito illado, tanto en forma de broche –suxeito entón normalmente sobre o dengue ou outra prenda– coma



de colar, colgando directamente sobre o pescozo, mediante un fío de contas ensartadas; así o vemos no exemplar que conserva o Museo Sorolla, seguramente o mesmo que serviu de modelo para o cadro que representa a unha campesiña galega, dentro da súa coñecida serie de tipos e traxes populares. Outra das maneiras en que as mulleres lucían estas pezas era formando parte dunha composición máis complexa na que levaban un ou varios destes colgantes, con outros diversos elementos de xoiería profana, nos que a primacía das xoias reside no seu aspecto ornamental, e os mesturaban con outros obxectos coma cruces, medallas, relicarios, etc, nos que prevalece o sentido relixioso ou devocional.

Aínda que non contamos con datos documentais sobre a procedencia da peza que hoxe presentamos, nin sobre a historia do seu ingreso no museo, coidamos

que debeu ser realizada nalgún dos obradoiros que consta existiron en Galicia, dedicados, entre outros labores, a execución de xoias e aderezos. Santiago de Compostela e diversas vilas da súa contorna como Noia e Padrón, e tamén Betanzos ou Tui, foron os lugares principais de fabricación, quizais Padrón máis que ningún outro, de aí que este adorno sexa coñecido tamén como *filigrana de Padrón*, o que fai referencia a súa técnica construtiva. Esta denominación recollea, na súa coñecida obra *El traje gallego*, D. Antonio Fraguas, figura imprescindible en todo o que atinxe ao coñecemento da indumentaria popular ou tradicional galega, incluíndo os seus complementos.

Non é doado establecer unha cronoloxía tipolóxica destas pezas, pois advírtese unha constante repetición dos modelos dende mediados do século XVIII ata o primeiro cuarto do século XX, que é cando pechan os importantes obradoiros de Padrón, últimos na interrompida tradición popular.

Estes obxectos, como elemento da xoiería tradicional que son, están intimamente ligados á indumentaria popular. Sérvenlle de adorno e complemento, e acompañan á xente ao longo de toda unha vida, antes de pasaren por herdanza á seguinte xeración, como fieis testemuñas das persoas que as utilizaban e reflexo da sociedade onde se exhiben, do gusto das súas xentes e das habilidades técnicas dos seus artífices.

Ademais da súa función como elemento ornamental, da súa elaboración artística e do seu valor intrínseco, maior ou menor segundo a cantidade e riqueza do material empregado na súa execución, as xoias tradicionais encerran en si toda outra serie de valores, moitas veces vinculados ao mundo das crenzas. Fálannos de raigañas ancestrais, de antigas tradicións, devocións e sentimentos. Serven así mesmo como manifestación social de poder, riqueza ou rango, identificando a posición social ou económica da persoa que a leva, e aparecen, moitas veces, envoltas na esfera do simbolismo, xa sexa con evidentes connotacións relixiosas ou máxicas e taumatúrxicas.

Tales alfaias, maniféstanse actualmente coma testemuña dun tempo recuado, xa definitivamente perdido, pasando a ser pezas de museo —exemplares varios hai no Museo do Pobo Galego, no Museo del Traje, etc.— e obxectos de colección en mans de particulares, moitas veces como resultado de herdanzas familiares. Non obstante hoxe en día son utilizados polos grupos folclóricos nas súas actuacións e por iso seguen a ser elaborados por distintos ourives que tentan repetir os modelos tradicionais coñecidos.






FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

### O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río. Luis Méndez.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE